


# INFORME DE AVALIACIÓN DO PAT (Grao en Xeografía e Historia)

---

2020/2021

R2 DO-0203 P1



O Plan de Acción Titorial da Facultade de Historia contempla a asignación de un/unha titor/a por curso. Partindo deste presuposto nomeáronse (07/10/2020) [http://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas\\_xf/Acta\\_XF\\_20201007.pdf](http://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_xf/Acta_XF_20201007.pdf) para o actual curso os/as seguintes docentes: Xosé Ramón Campos Álvarez (1º curso), Beatriz Vaquero Díaz (2º curso), Susana Reboreda Morillo (3º curso) e Francisco Javier Pérez Rodríguez (4º curso).

Como indica o procedemento, realízase ao alumnado de 1º curso unha enquisa específica no acto de acollida (Anexo II) sobre as circunstancias e causas da súa elección. A todos os cursos, o/a seu/súa respectivo/a titor/a, pásanlle dúas enquisas ao remate de cada cuatrimestre, para valorar a dinámica do mesmo (Anexo III). Ao final do curso (Anexo IV) incluímos outra enquisa de valoración do propio PAT.

A continuación se describen os resultados por anexos.

## 1. Anexo II

A sesión de acollida tivo lugar o 17 de setembro de 2020 e a asistencia e participación na enquisa foi algo máis elevada que no curso anterior, alcanzando practicamente o 70% entre o alumnado de grao en Xeografía e Historia e o PCEO en Turismo e Xeografía e Historia. Un resultado moi satisfactorio, se temos en conta as circunstancias da pandemia e os coidados intrínsecos á presencialidade. Esta enquisa é unha primeira toma de contacto coa facultade. Xunto a información de tipo persoal (DNI, enderezo...), se inclúen outros aspectos como a motivación, posibilidade de asistencia, organización e tempo de estudo e traxectoria académica previa. Destacamos, por exemplo, que a maior parte do alumnado procede da Ensinanza Secundaria e a coincidencia co curso pasado de que o motivo da elección deste título e o seu interese pola Historia, Historia da Arte e Xeografía. As saídas profesionais que recoñecen e buscan neste título seguen a ser as tradicionais, sendo a máis elevada á docencia, seguido da arqueoloxía e o turismo.

## 2. Anexo III

No cadro seguinte indícase o número de participantes por curso e cuatrimestre.

---

Curso	Reunión 1º cuatrimestre	Enquisa 2º cuatrimestre
1º	28	17
2º	15	5
3º	12	4
4º	0	0

#### Resultados:

- En relación co curso pasado mantívose o número global de participantes, véndose incrementados os de 1º e reducidos os de 3º no segundo cuatrimestre e sen presenza en 4º. A situación deste curso, na que se acudía as aulas por quendas non resultou beneficiosa para este tipo de convocatorias que realizáronse en parte presenciais e en parte na aula remota, especialmente para o alumnado de 4º que ve próximo o fin de curso.

- Nos informes dos/as respectivos/as titores se aprecia que o alumnado presente está interesado en expresar as súas opinións sobre o discorrer do cuatrimestre. En todas as xuntanzas se percibe bo ambiente.

- En xeral se aprecia un malestar en relación ás quendas, especialmente porque quedan postos vacantes cando o alumnado no acude e non se poden ocupar por outras persoas. Esta demanda será tida en conta no curso 2021-22 se as condicións sanitarias o permiten. Así mesmo manifestan que o seguimento nas aulas integra non supón ningún problema e destacan o bo funcionamento.

- As problemáticas puntuais, como pouca información sobre algunha materia en moovi ou datas de exames, foron resoltas coa mediación do/a titor/a. Outras demandas non tiveron solución, como a solicitude da gravación de todas as clases ou o elevado índice de suspensos dunha materia de 3º. No primeiro caso se lles aclarou que se trataba dun acto voluntario do profesorado e no segundo ao indicarlle que deberían manifestar esta situación por escrito, declinaron realizalo.

### 3. Anexo IV

A realización desta enquisa habilitouse a través da Secretaría Virtual, e os resultados de participación foron excelentes, duplicando as cifras do curso pasado. Outro aspecto positivo foi que houbo respostas dos catro cursos do grao, incluíndo ao alumnado do PCEO

Número de casos: 44.

Curso	Nº de enquisas
1º	7
2º	8
3º	16
4º	13

	Suficiente	Insuficiente
Información previa	31	6

	Moi boa	Boa	Mala	Moi mala
Organización/coordinación	9	19	6	2

	Moito	Bastante	Pouco	Nada
Desenvolvemento do PAT	8	18	7	5
Utilidade do PAT	7	19	10	3

	Si	Non
Datas axeitadas	23	9
Seguimento axeitado	25	9

En branco: 6

#### Resultados

Xunto a elevada participación, pódese destacar que a nivel xenérico as respostas resultan satisfactorias. En primeiro lugar, destaca a ampla coincidencia (83,8%) na idea

de que a información previa resulta suficiente. Case o 77,8% consideran que a organización/coordinación é moi boa ou boa (con máis predominio desta última opción: 53,8%) fronte a o 21,2% que a considera mala ou moi mala (esta última con menos respostas: 5,5%).

En relación ao desenvolvemento do PAT un 68,4% o encadran en moito e bastante e o 13,2% considera que nada. Un 66,6% considera o PAT moi ou bastante útil, mentres o 7,7% opina que non ten ningunha utilidade.

Maioritariamente consideran as datas axeitadas (71,9%) e un pouco máis elevado (73,52%) opina que o seguimento é axeitado.